

A ROSA TERRA

IDEARIUM
DAS

IRMANDADES
DA FALA



Ano XIV

Núm. 275

1.º de Setembro do 1930

CAMILLO DIAS

Grandes Almacenes de Tecidos
NUEVO MUNDO

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIONS

DISPONIBLE

INMENSO SURTIDOS EN PANOS DA REXIÓE EXTRANXEIROS CONFECIÓANSE
 TODA CRAS DE PRENDAS PARA MULLE-
 RES, HOMES E NENOS

San Andrés, 41 e 43 - Teléfono 256
 A CRUÑA

A superioridade dos
CALZADOS SENRA

Abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, máis o
 procedere d'unha industria galega,

HONRA DA NOSA REXION

obriga á non gastar outros á cantos sinten amor pol-a sua Terra

Fábrica Avenida da Granza - A CRUÑA

DESPACHOS: Cantón Grande, 15 - CORUÑA-REAL, 110-FERROL, Príncipe 9-VIGO

Peluquería "La Modernista"

PROPIETARIO

Manuel Acea Suárez

Peluqueiro dos teatros Rosalía de Castro, e Linares rivas, da escola
 -: Dramática Galega, e de todol-os cadros de decramación da Cruña -:

Especialidade en pelucas, afeites, crepés e compretas caraiterizaciós
 :-: para teatro :-:

PARA TODA CRÁS DE TRABALLOS DE PELUQUERÍA DIRIXIRSE A

San Andrés 94 - I.º

A CRUÑA

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

Redacción e Administración

Rúa Real, 36, - 1.º

A CRUÑA

Precios de Suscripción

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano 6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO XIV



1.º de Setembro do 1930



Núm. 275

AO DECORREL-OS DIAS

Anúnciase para dentro de poucos días a chegada a Galicia de elementos da rescén nascida U. M. N. a facer unha campaña pol-a nosa terra. Calvo Sotelo, o aventallado político gallego que aspira a ser o Bugallal do futuro, Guadalorce e algún máis de funesta lembranza coidan que Galicia sigue sendo campo abonado para conquistar actas de deputado con pouco traballo. Manteñen eles agora o conceito secular da mansedume galega e veñen cõ propósito de aproveitá-la.

Sete anos de Dictadura exercida por tales políticos son a razón mais poderosa para desexar que hasta as pedras da rúa érganse barilmente e desfagan tales propósitos. A Galicia pol-o visto non lle abonda xa con ter que loitar feramente contra os caciquismos conocidos senón que ademáis se lle pón na obriga de facer que non crezan no noso chán estas novas prantas políticas.

Consecuencias todas elas da pouta centralista que considera a Galicia como feudo propio para repartir ao seu gusto entre funestos políticos por riba da vontade galega asoballada.

A nosa indinación levaríanos si poidera ser a extremos inercu violentos que deran ao traste cos propósitos, que de prosperar siñificarían un baldón para a nosa terra, d'estos críos dictatoriaes.

A incertidume política hespañola actual se presenta naturalmente en

Galicia e óllase por todas partes unha inquedaanza e desorientación que non sabemos aínda que resultado dará. Mais Galicia ten un memorial de agravios que esgrimir contra os vellos políticos que secularmente viñeron usurpando a vontade política galega e temol-o tamén contra os autores dos monopolios, das responsabilidades políticas da Dictadura, dos sete anos denigrantes.

Contra todo xunto debera erguerse a nosa terra n'un xesto de caraxe e de dinidade. ¿Sucederá así?

Pol-o de pronto o galeguismo orgaizado deixará ouvir a súa rexa e baruda voz.

Estas liñas de protesta, chamada ao mesmo tempo ás concencias galegas, son o comenzo e xa que nós non podemos impedir que estes políticos rouben aitas nos distritos galegos non por eso deixaremos que as leven tranquiamente sin que todo o mundo seipa, porque llo diremos nós, que a concencia galega foi asaltada por unha banda de foraxidos políticos.

Cataluña prepara o seu estatuto rexional. Valencia e Vasconia labo-
ran por conquistar a Mancomunidad.

En Galicia vense falando da nosa Mancomunidade mais non acaban de ollarse os resultados. Dixemos non fai moito tempo e temos que repetir agora que non nos inspiran a menor confianza os elementos que hoxe integran as Diputacións e Municipios galegos. Non pode agardarse d'eles que cristalicen en realidade a arela da Mancomunidade galega. Non hai mais que vel-os como axudan a preparar os distritos para a futura e incerta loita electoral. E prepáranllos precisamente aos vellos políticos, aos antigos caciques, que de existir a Mancomunidade non poderían tan facilmente campar pol-os seus respetos.

Son incompatibres unha e outr acousa.

Por eso mentras as cousas se non troquen parécenos que cada día urxe mais a creación do orgaismo que Vilar Ponte propoñía no derradeiro número de A NOSA TERRA, a espaldas e contra da Galicia oficial, naturalmente caciquil e centralista, a verdadeira Galicia que sinte e pensa libremente.

ESQUEMAS E LEMBRANZAS

Desde na aldea se gasta o pan da tenda por aforrar o traballo de cocélo na casa figura menos maxinativo o carauter do paisaño e menos viva, a súa conversación.

Calquera que s'enteirase da historia galega n'unha obra xeneral d'história de Hespaña, d'autor do tipo académico, xuzgaría qu'a Galiza foi'a leñeira e o coarto da criada na casa burguesa da Hespaña.

O gran acontecemento do século XX na historia psicolóxica: a descuberta da Galicia soilo dinantes, no XIX sospeitada entre néboas como a illa de San Brandián

As veces os sólpors na Galicia interior coroanse d'unha verde lus: é o mar que rubre en esprito ó cume das serras pra saber o que se pasa nos chaos qu'il non pode acariñar c'a man de vello patrón da marea.

Debe haber unha danza relixiosa executada pol-os homes que levan coraza, n'unha chaira outoniza n'a primeira nevizada nos montes.

San Francisco vindo pra Sant-Iago puxo a enxoitare o sayal n'un coto a proveitando a rayola de sol que lle pediu a Deus, den d'aquela hai unha divina paz nos ermos cruzados pol'o camiño francés.

O rapaz pasaba o vrán na casa fresqueira d'un crego erudito qu'estaba moi contento ó ver que sin votar un soniño demoraba á sesta na biblioteca. ¿Sabedes que facía o estudante? Pagar as guindas n'augardente d'un tarro de vidro gardado tral'os infolios e leer as «Parolas d'un creente» de Sanmenais. Isto era fai setent'anos. Sería excusado decilo.

Estudar a etimoloxía d'un nome galego é como ollar pr'a yauga d'un pozo fondo. A d'enriba é a tona bicada pol'o sol do latinismo, Abaixo o misterio das augas eterna roca subxacente.

Galiza comprende a siñificanza da súa festa. Na celebración do Noso Día fixemos un xuramento mais solene qu'o feito sob'unha coba. Fixemos un xuramento no altar do Pórvir.

R. Otero Pedrayo

VERBAS D'UN GALEGO

Dimpois da "diada"

Indiscutivelmente, a celebración do «Día de Galiza» tivo n-este ano que corre unha solennidade é un espallamento como non tivo nunca dende que foi estabrecido pol-as asambreias nazonalistas. Por fortúa a chamada que a «Irmardade da Fala» fixera en momento oportuno foi atendida como cicais se non agardase. E boa proba d'elo, proba evidente d'elo é o nú-

mero de localidades grandes e pequenas onde o «Día da Terra» foi conmemorado cal compre, rendíndose homenaxeá nosa lingua vernácula e á nosa gloriosa e non luxada bandeira. Conseguido, pois, o que xa está conseguido, que o «Día da Galicia» se celebre cal compre, agora xa non hai mais que esforzarse porque ista celebración s'espalle cada vegada mais e se faiga do millor xeito posibel en todas partes. Tal labouira corresponde eiscrusivamente,

ou pol-o menos de un xeito principal, á «Irmandade da Fala».

Como ocorre decote con toda iniciativa nos seus comenzos, na celebración do «Día de Galiza» de iste ano se observaron algunhas deficiencias ou faltas de organización que pra os sucesivos, e sempre que se queira, poderán doadamente seren subsánadas. Faguendoo eisi a eficacia da data que se adica á terra, da nosa data nazonal, rubirá de punto e sempre, pol-o mesmo, os froitos que d'ela poidan obterse serán mellores e de mais rendimento pra o fin que perseguimos.

Pra faguere ben as cousas compre ao meu xucio i-en pirmeiro termo, que os mais significados valores do nazonalismo no «Día de Galiza» s'espallen por aqueles puntos da terra onde se coide mais comente e necesaria a súa presenza cô fin de que, xa eles solos xa na compañía de elementos das localidades que s'escollan, orgaícen actos de propaganda e divulgación do noso sagro ideal. Iguamente, a «Irmandade da Fala» debe proceder a fague-

re unha abundosa edición de folletos que conteran anacos de prosa literaria e de poesías escolleitas, mesturados con párrafos glosadores do noso ideario i-eispricativos das arelas e degoiros nazonalistas, pra espallalos con profusión na data de Galiza. Do mesmo xeito a «Irmandade» debe termar de qu'en troques de duas ou tres celebracións moi ostentosas efectuadas en outras tantas localidades, haxa o maior número posibel d'elas cô fin d'evitare que pobos onde hai delegación, e importante pol-a calidade dos seus afiliados—tal foi o caso de Pontevedra iste ano—fiquen sen fagueren ren no día asinhalado por se teren ausentado os membros da súa delegación disfroutaren dos actos n-outros puntos orgaizados.

Faguendoo eisi, arranxando a cousa ben, por quen se debe e como se debe, no ano vindeiro o «Día de Galiza» abranquerá unha resoanza que en cada un novo a pasare se fará meirande e da que se pode decire qu'è anuncio feliz a conseguida case eispontaneamente n-iste ano.

Ramón Villar Ponte.

REALCE DE FEITOS

Con motivo do «Día de Galiza» o xornal «Faro de Vigo» publicou un voluminoso estraordinario do que, atendendo samente á maoria dos traballos que n-él aparecen e prescindindo de algunhos—poucos—merecedores de toda gabanza, se podería decire atinadamente aquilo tan sabido de que «o papel val mais». Antre as firmas francamente rechazábeis que figuran no citado xornal, con motivo da solemnidade que trata de conmemorare, figuran nada menos que a de—agarrádevos! —Bugallal, o cacique gallego por antonomasia, e do que non é mester decire ren xa que por todos é ben coñecido, e a de ise señor antidiluviano e valeiro chamado D. Lois Espada, que por unha de tantas carimbolas da noxenta política das Hes-

pañas chegou a sere nada menos que Ministro da Facenda cando en calquer país europeio non houbera pasado de sere un ninguén asolagado no informe xuntoiro constituído por todol-os que carecen de releve e se achan fallos de persoalidade.

O Conde, tristeiramente célebre, manifesta a súa adhesión ao «Día de Galiza» con unhas liñas ramplonas, nas que latexa toda a su *eisquisita espiritualidade* de curial de rueiro, obrigando a evocare a coñecida fábula do lobo e as ovelas, e cuías liñas rematan chamándose de un xeito vergoñante e indirecto o probe D. Gabino a si mesmo—se coñece que convencido de que xa ninguén se arrisca eiquí na Galiza a chamarllo—home de ben, e capaz pol o mesmo de sustentare principios de

xustiza e amore. O anacrónico, bugallalista e fósil Sr. Espada amóstrase nas suas liñas, tamén conmemorativas do «Día de Galiza»—hai conmemoradores que matan!—decidido enemigo de que o feito difrenzal das rexións se trate de faguer destacar. Pra él as variedades rexionaes con todas as suas derivacións ou non eisten ou de eistiren son tan cativeiras, tan esvaídas que se lles non debe tere en conta pra ren. A Hespaña, pra o Sr. Espada, é algo igual, uniforme, sen variacións de ningún xeito, sendo polo mesmo todo iso do rexionalismo, da acentuación e defensa das características rexionaes, verdadeiras argalladas sen fundamento algún e arredadas de toda realidade. Posibelmentes o señor Espada eispresa eisi o que él pensa e sinte de boa fe. Pra él, home de pensamento e de xuícios rudimentarios e simpristas, o feito do que o seu amo o señor D. Gabino poida sere xefe de un partido ou partida que se dí espallado por todas as Hespañas debe constituire a proba irrefutabil de que n-eles eiste, pese a canto se diga, unha identidade de caracter xeral que revela craramente a ineistencia de difrenzas e particularismos que d'eistiren, non farían posibel o feito. E por iso él coida, e coida lóxicamente, coa sua lóxica tan persoal, que o mesmo dá un galego que un andaluz ou un vasco toda vez que polos seus feitos amostan seren iguás, o que obriga a pensare que as terras de que proceden se achán en igual caso xa que ao fin e ao remate o home pode considerarse como un refrexo ou unha abreviatura do país en que foi nado. E seguindo no seu discurrir, igualmente pensará o Sr. Espada que soio sendo cortados por un patrón único os homes das terras peninsulares, o que leva consigo o de dare por evidente aquilo de que tamén nas terras non eiste ningunha variación, lle houbera sido posibel a el ocupare os outos postos que sigue aínda ocupando.

Outros latricamentos e parvadas aparecen no estraordinario do «Faro de Vigo» que merecen o comentario acedo e duro, e cò comentario o pau. Mais ¿pra que darllo? Elo sería perdere o tempo. E iso si

que xa non compre. Ademais correríamos o perigro de que a algún lle entrase a curiosidade de lér o «Faro» aludido. Con todo, intréanos emporiso faguer resaltare comò nos traballos que rubran os señores que todo o mun lo coñece, se predica con rara unanimidade a comenza de que os galegos se axuntan n-un sò feixe deixando a unha veira recelos, enconos e xenreiras contra dos políticos ao uso. Non estaría mal iso pra eles, non; mais non será. A xente se adoutou xa a decatarse de que a Galiza soio chegará a sere dos galegos, dos seus verdadeiros donos, dimpois de que se teña aniquilado ou anulado os figuróns, e por iso casa vegada pon mais outa a voz e perde mais o medo, dispòndose a andare con paso firme as xornadas que teñen de levala á liberación completa e definitiva.

Cristóbal Bermúdez Peña

ESPONSÁS

Veu o louro galán, maio frorido,
envolto nos espréndidos roupaxes
de lucentes e máxicos celaxes,
a sorrir, coma un deus do ceu fuxido,
na meiguice encantada das paisaxes.

Esperitou, ao espallarse pol-o mundo
o perfume sutil do seu alento,
da preguiza do inverno queixumento
o lume pasional do amor fecundo
que arde na entrana azul do firmamento.

E a vida a borbollóns, cal o regueiro
que fumea escumante na ardentia
da revolta ferverza montesía,
enche o abismo sin fondo do valdeiro
reloucante de lus e de alegría.

Baixo o dosel magnífico do ceo,
córado no fulgor do sol morrente,
e por riba do mar tremelucante,
eterno emulador de Prometeo,
brilla a esposa xentil de faz ridente.

Os velos que a envolven son douradas
brétemas inconsútiles nos ares
a ondular, coma as ondas pol-os mares,
e, cal elas d'escumas, tachonadas
pol-a cándida albura dos azahares.

Leda e feliz no acougo do serán,
cal símbolo sagrado de amor santo,
por antre os pregues do seu rexio manto
deume a bicar a neve da sua man
a divina muller qu'eu quero tanto.

De xionllos despois no tempo inxente
de culto augusto de solemne pas,
enfrente ao lostreguío dos cristiás
alcendidos no altare do ocidente,
celebramos os nosos esponsás.

Gonzalo López Abente

A CUARTA PLANA

Sempre que collo un xornal galego o pirmeiro que procuro con cuicia non son os telegramas da derradeira hora, nin a informaceón política nin o comprimido da «Gaceta» c'o seu fluxo refruxo escalafóneco i-as parciais chuvias d'ouro caíndo sobr'as Dánaes das provincias, sinon o que todos lén ô remate, as notas das vilas e dos pequenos pobos. Algús d'iles son tan noviños no mapa da informaceón que dubidamos onde están. Fai pouco eran aldeas labregas, logo pol'a carreteira ou pol-o mercado fixéronse un lugar relacionado c'o mundo. Has noticeas dos pobos son de moitas castes e dâanse en variados estilos. Aínda é raro o caso do informador ouxetivo que da a nota dos que van e veñen, fai o balance das colleitas, o esquema da sesión municipal, a vacante da escola ou a necesidá d'un camiño veciñal. Abondan mais os corresponsales de tipo cronista, os que fan programas, botan ideais ou teinma sementar impreseós literarias. Os redactores-xefes afeitos â mecánica dos grandes rotativos soilo son partidareos

dos primeiros informadores. A min acónteceme todo o contrareo. Eu quixera un xornal que latexara tod'a vida, a door, a esperanza i-hastra as xenreiras i-as nemiugas dos pobos. Un xornal que refrexara a autoalidade da mais recuada aldeña c'a morte do vello que serviu na guerra do norte i-a chegada do mozo que traí un blok de postales de Nueva York, a propaganda do teosofo e do espiritista i-o estilo dos sermós dc novo abade. Que fora unha pecha e desconcertadora frouma de noticeas, de verdás, de mentiras, de pequenas cousas, de todo o que na Galiza sai da vida privada e tén algo de infruxo na vida colectiva. Pois calquera que procure decatarse da realidade galega non se contentará c'o que pasa na superficie. Hai un fondo, vivente, caótico de novidades ou de tradicións, na que están postas as esperanzas da futuridade como reserva de enerxías. I-elas locen nas homildes páxinas da coarta prana como un paisaxe vidual arrodeia a orgullosa seguridade das grandes urbes.

R.

O MONTE DO SEÑOR PAULOS

O señor Paulos tiña un bo anaco de monte na baixada car'o río, ben soleado e de terra tan boa que houbera dado boa colleita de froito. Mail'o dono non tiña presisión de outros eidos, abondaba de pán e viño, herba e gando a sua casa, e ademais tiña â gala o gardar os bariles carballos do seu monte. O señor Paulos gozaba cando a primaveira unha mañan de brétema lle daba o regalo dos novos follatos, velaba c'a sua vella carabina ô pico-real furador das trabes e tiña un disgusto cada vez que por efeuto d'unha mala decota lle ameraba un carballo ou car-

ballo ou cando lle roubaban un féble carballizo.

Mais acontecendo que novas ideas e guías chegaron â aldea, o propio señor Paulos cambendo de sistema, acordou vender os carballos pra poñer no cabo d'eles unha chea de eucaliptos, albre de mais crecedura e proveito. Procurando comprador en poucos días os machados fixeron cair no chán aquiles valentes trancos. O monte e o val saloucaban como peitos humanos cada ves qu'un carballo caía ferido pol'o pé. Tremaba a terra e a labouira dos serrantis figuraba rachar no car-

ne dos carballos o curazón mesmo da Terra.

Mail'a grande ambiceon do señor Paulos non lle deixaba lugar pra pensar na carballeira e soilo atendía a qu'os novos albres de que agardaba tanto proveito, fôran ben postos, ben arringleirados, cada un no seu burato. Finado o traballo no monte non había chisco de sombra, a terra parecía sufrir e os eucaliptus verdégaban tristeiramente c'o seu coor morreideiro i-estranho, c'o seu recender de botica ou laboratorio.

O largo do inverno o señor Paulos non pudo visitar o seu monte. Tolleito na cama, maxinaba que chegaba a primavera e qu'os eucaliptus ben inzados terían seis coartas medradas e dentro de dez anos valerían miles de pesos.

La primadeira chegando chegou pro señor Paulos a milloría. Unha mañán de té-

pedo sol e centeo ledó, saíu pro monte. O principio non quixo dárle créto ós ollos. Todol'os eucaliptus morreran. Secas follas estraban o chán e algús ainba de pé daban unha impreseon de door na mañán algareira. O señor Paulos sentado n'unha pedra choraba pol'o esborrallamento das suas ilusiós e dos seus cálculos. Todo desconsolado non adevertía qu'os carballos curtados rente ô chan botaban brazadas de fortes renovos verdecentes e tod'o chan do monte agromaba baril c'a espranza da nova carballeira futura, mais confiada e segura qu'a ambiceón do señor Paulos.

Iste cando se diú conta si fora home de letras e souperase eispricar, podería dicir: sei a hestoria da Galiza. O meu monte foi quen m'ensiñou a verdade sobre do noso pobo. E daría logo a leuceon políteca: nosa políteca non debe ter mais programa qu'o de asegurar o vivir da carballeira nova.

T. de A.

O DÍA DE GALICIA

Non podemos ocultar o noso entusiasmo ao escribir estas liñas, sintético resumo dos aitos celebrados en toda Galicia o 25 de Sant-Iago. Este ano revistiú a nosa festa nacional uns caracteres tan xurdios de expansión, de popularidade e de emoción que prometen moitas cousas, anque xá de feito determinan vizosas realidades. Todol'os nacionalistas galegos puxémonos en movemento e conquerimos identificar ao pobo galego c'o noso Día. Casi non houbo vila de Galicia que se non sumara â Diada galega.

A nosa bandeira ondeou en infindos currunchos da nosa terra e todol'os galegos, quixeran ou non, sentiron tremar as arelas da Galicia renascente.

Este ano celebrouse o Día de Galicia n'unha soia vegada pol-os sete anos noxentos que non puido celebrarse. Manifestouse d'un xeito definitivo que xa non hai

maneira de atallar a marcha triunfal, asoballante, da idea galeguista.

Galicia rexurde con púlos de grandeza, de rebeldía e de feitos concretos que arrasará total-as dificultades que ao seu paso, propios e alleos, queiran opoñer.

Diante d'esta inmensa realidade o noso entusiasmo desbórdase no berro nacionalista que resume as nosas aspiracións.

¡TERRA A. NOSA!

Na Cruña puxeron a bandeira galega o Concello, a Diputación, Irmandade, Circo de Artesanos, Banco Pastor, Casino Republicano, Nuevo Club, Sporting Club, Club Náutico, Caixa de Aforros, Ateneo de Santa Lucía, Palace Hotel, Hotel Carrilana, Roma e Atlantic, parque María

Pita e casas de baños. As librerías tiveron expostos nos escaparates libros en galego. E todol-os cafés e espectáculos executóuse música galega.

A Irmandade espallou profusamente un manifesto explicando o Día de Galicia. Os xornás «El Ideal Gallego» e «La Voz de Galicia» publicaron extraordinarios con diversos traballos en galego en prosa e verso. «El Noroeste» reproduxo o manifesto da Irmandade. O único que non publicou nada en galego foi «El Orzán», o diario bugallalista.

«Nós» publicou tamén número extraordinario e pol-o que publicou A NOSA TERRA temos recibido moitas felicitacións.

As dúas da tarde no parque María Pita xuntáronse a xantar un fato de mais de triuta nazonalistas. Foi unha festa íntima e cordial na que se puxo de manifesto a confianza no triunfo das nosas ideas. Dixeron unhas verbas os irmáns Salvador Mosteiro, Victor Casas, Xerome Sal Lence, Luís Peña Novo e Lugrís Freire.

Ao remate do xantar saíron algúns para Betanzos a facer un mitin que tivo lugar na Casa do Pobo. Ante unha concurrencia maior de duascenas persoas faláron Luís Cortiñas, Victor Casas, Peña Novo e Lugrís Freire.

O público apraudeu con verdadeiro entusiasmo aos oradores e con este aito cimentouse a creación d'un forte grupo nacionalista na vila mariñán.

As oito da noite no Circo de Artesanos celebrouse unha velada que result u fondamente intresante. Todol-os que n'ela intervíron faláron en galego.

O presidente do Circo, señor Búa, abreu o aito e seguidamente Victor Casas deu lectura a varias poesías de Curros, Rosalía, Pondal, Lamas e Cabanillas; D. Eladio Rodríguez leu tres composicións súas, don Anxel del Castillo fixo unha proieición de varios monumentos arquitectónicos e artísticos de Galicia, que foi explicando; Lugrís pronunciou un sentido discurso encol do Día, da nosa historia e dos sentimentos galeguistas, e o señor Búa pechou o aito con unhas emocionantes verbas encol do

amor a Galicia e a necesidade de traballar por ela. Ao remate unha orquesta executou o hino que foi escoitado con relixiosidade pol-o numeroso público que apraudeu con calor e deu vivas a Galicia.

En Vigo a celebración do Día de Galicia tivo caracteres verdadeiramente formidables. A bandeira galega ondeou no Concello, en moitas sociedades e casas particulares. Durante o día celebráronse diversas festas populares nas que se tocóu música galega o mesmo que nos cafés e teatros. A Sociedade Artística celebróu unha velada literaria na que faláron Urbano R. Moledo, Núñez Búa, Alvaro das Casas e Otero Pedrayo.

As once da mañán, no teatro García Barbón, celebróuse o grandioso mitin anunciado, diante d'un público enorme que enchía o teatro por complot. Presidía o poeta da Raza, Cabanillas, e faláron Otero Pedrayo, Castelao e Paz Andrade. Un mitin de verdadeira altura que deixará lembranza na historia viguesa.

No parque da Barxa celebróuse un xantar ao que concorriron máis de duascenas persoas. N'el desbordouse o entusiasmo e o galeguismo tivo explosión fantástica. Faláron Miguel Rodríguez, Victoriano García Martí, Zamora leu unhas quartelas de Antón Villar Ponte, Alvaro das Casas, Gómez Román, Noguerol, García Ramos, Fernández Mato e Paz Andrade, que tamén leu uns versos de Cabanillas.

De moitas partes de Galicia concorriron galeguistas a celebrar en Vigo o día galego.

Durante o día espalláronse pol-as rúas diversos manifestos e folletos.

«El Pueblo Gallego» e «El Faro» publicaron dous extraordinarios con moitos bóns artigos e poesías en galego.

A NOSA TERRA non pode menos que apraudir e agradecer o xeito maravilloso como se celebróu en Vigo o Día de Galicia.

En Ferrol puxeron a bandeira o Concello, o coro «Toxos e Frores» e algunha sociedade máis. «Toxos e Frores» cantóu o hino diante do Concello e durante o día andivo pol-as rúas cantando cancións po-

pulares que fixeron que o pobo ferrolán decatárase da siñificación do día. Foi moi comentado o feito de que «Airiños da miña Terra» que tiña que tocar o hino diante do Concello non se presentara a rondalla a facel-o.

En Lugo o Concello, Diputación, Circo das Artes e outras sociedades puxeron a bandeira, celebrouse unha festa galega no Miño, e repartíronse folletos e os coros cantaron na rúa.

En Santiago tamén o Concello puxo a bandeira, ademais d'algunha entidade como en varias casas particulares. Houbo música galega e manifestos.

En Ourense o Concello puxo a bandeira e mais algunhas sociedades. A Irmandade galeguista repartiu un fermoso folleto co'a bandeira galega, un anaco d'un traballo de Murguía e versos de Pondal, Rosalía, Curros, Lamas, Amado Carballo e Cabanillas. Os xornaes publicaron traballos en galego e houbo música nosa nos cafes e paseos.

En Pontevedra a bandeira ondeou no Concello e n'algunha sociedade e casas particulares. A Diputación non poido poñela por non chegar a tempo a que encargou.

En Ribadeo o Concello puxo a bandeira que tamén ondeou na Biblioteca circulante, e a Irmandade d'aquela vila espallou un folleto levando ao fronte o deseño da bandeira, versos de Curros e Pondal e unha alocución da Irmandade ao pobo ribadense.

O coro «Cántigas da Mariña» interviu na celebración do Día.

Na Rúa a Irmandade galeguista celebrou unha velada na que falaron os irmás Valcarlos e Prada.

Na Estrada o Concello puxo a bandeira que ademais ondeou en varias casas particulares. A Irmandade espallou un folleto que levaba ao fronte a bandeira galega e un traballo encol da lingua galega do irmán Freire Barros, premiado no certame de Pontevedra o ano pasado.

En Allariz o Concello izou a bandeira e o noso querido irmán Xosé Luís Bouza pronunciou unha conferencia encol do te-

ma: «A lingua dos pobos como manifestación da súa nacionalidade», que estivo moi concurrida e despertou verdadeiro entusiasmo.

En Villagarcía, Noya, Verín, Porriño, Mondariz, Cea, Cobelo, Bayona, Vilanova dos Infantes, Castro Caldelas, Guitiriz, Maceda e outras moitas vilas galegas, grandes e pequenas, os Concellos puxeron a bandeira e celebrouse o Día con grandes festas e música galega.

En toda Galicia o noso hino fixo vibrar de emoción e patriotismo, pois tocouse en todas partes.

N'algunhas vilas como Betanzos, Villalba, Viveiro, Pontareas e outras non izaron a bandeira por querer facel-o nas festas patronaes das respectivas vilas; pero celebráronse festas conmemorando a data.

Algúns semanarios como «La Comarca» de Ribadeo, «El Agro» de Chantada, «El Emigrado» de A Estrada, «La Voz» de Ortigueira, «Heraldo de Villalba» e outros, publicaron traballos en galego adicados ao Día de Galicia.

A Irmandade da Cruña dirixiuse á Unión Radio de Barcelona e per mediación de Lar Gallego á Unión Radio madrileña, rogándolles emisións de música galega. Accedendo á petición a Radio de Barcelona radiou un discurso, interpretando moi ben o carácter do Día, e varias poesías galegas, música e ao remate o hino. A de Madrid transmitiu outra alocución, poesías, música e un discurso do señor Maseda. Deu vivas a Galicia e berros de Terra a Nosa rematando a festa co hino.

Os galegos de Madrid, Bilbao e Barcelona celebraron o Día con varias festas.

En Bós Aires, Habana, Montevideo e outras partes de América celebrouse a festa con veladas de carácter nacionalista, e algunhas revistas como «Céltiga», «A Fouce», «El Despertar Gallego», «Galicia» e outras publicaron fermosos números extraordinarios con moitos traballos en galego. Tamén a revista «Aurora do Lima» de Vianna do Castelo publicou un número adicado ao noso Día.

Durante o día entre os galeguistas cru-

záronse infindos telegramas e tarxetas de salutación.

Como ollarán os lectores pol-a sintética reseña que antecede, este ano o Día de Galicia revistiu caracteres verdadeiramente

grandiosos que aseguran a definitiva consagración do Día.

O 1930 deixou marcado unonsel que nos anos que veñan plasmará de xeito firme e ausoluto.

PENEIRANDO

O presidente do Centro Gallego de Montevideo, n'unhas declaracións que fixo, falando dos separatistas emprega duros adxetivos contra eles e dixo que somentes se dan *donde haya carne putrefacta*.

Conformes.

No Día de Galicia o Casino Republicano crúñes puxo unha fermosa colgadura co'a bandeira galega. Unhas casas máis abaixo está «El Ideal Gallego» e ollamos con asombro que n'ese día nin siquera puxo a hespañola a pesar de ser un día de festa relixiosa.

Hai cosas que non se exprican e unha d'elas é esta.

PRA TI, LABREGO

Irmão labrego: namentras non seipas onde está a tua Terra: namentras non teñas da Galiza unha crara idea, nin poderás caminar ergueito, nin en ti haberá dimidade, nin nos teus decencia.

Escoita:

Eu ben sei que ti te queixas a cotío de trabucos, foros e rendas. Eu ben sei que, coa lingoa pequena, chamas ladrós e caciques i-algo mais, ós zumezugas que te arrodeian, i-hastra cando vas, camiño do monte, co machado o lombo, lémbraste da xustiza que falla n'aldeia —tamén n'as cidades che hai comenenzas—. Pro eu tamén sei... que cando iles te chamán, vas humilde, coa pucha na mau, sen lembrarte, pol-o menos n'aparencia, da tua queixa e dos teus layos, e deixas que a mau che pasen pol-o lombo, isa mau de ferro que, despoixas, ha limpar a túa dispensa, e deixar as tuas terras hermas de simente o os teus fillos privados de manenza; isa mau que ten pra ti os aloumiños do home pro porco de ceba, e que sae d'un ventre con patas, sin miga de concencia; que, tarde ou cedo, ha sel-o dono, d'un ou d'outro xeito, das tuas terras, do fogar e mais da facenda. En fin; que che ha de impor un diputado — que virá de Madrí — pra que somentes a il servas.

Namentras non seipas que Galiza es ti e que na tua mau está a terra, isa terra qu'é a iarca pechada dos teus desaxogos, a quen somentes falas d'inxustizas e miserias cando a regas co teu suor, xa sexa na caba ou sexa na sega; namentras non te des conta qu'ó día que a cabeza ergas e te non estieves a ollar de frente a tanto e tanto lacazán

que a cacón teu medra, serás sempre a mesma besta onde paran todol-os paus que mandan pra ti de Madrí e reparten n'aldea.

Hoxe, por eixemplo, festa de Galiza, festa da Concencia, olla para ti, e pensa o que por ela tás feito e, si tes vergoña, fai promesa de defendela, custe o que custe contra vento e marea, como figueron os labregos de Polonia, os checos, os belgas e mais teus irmaus de raza, os irlandeses.

Ten en conta que isa bandeira azul e branca é a bandeira da redenzón galega, a que, falándoches ó curazón, di que ti es ti e que Galiza é a tua Terra: que tés persoalidade propia e non precisas da allea; que a tua lingoa é entr'as da Península coasique a mais anterga; a que falou o Rey Sabio e mais Pero Pardo de Cela, aquí a quen os reises de Castela lle arrincaron a vida pra tirarnos as liberdades e someternos a ela. Pensa en todo isto; esperta a tua dormida concencia e despoixas... ¡fai o que che pareza!

LEUTER.

LIÑAS DE LOITO

En Ferrol, onde residía, morreu o día 4 o noso querido irmán Euxenio Charlón o conosciudo e popular autor e actor que co'a colaboración de Sánchez Hermida teñen escrito pezas teatraes tan divulgadas como «Mal de moitos», «Trato augas», «Axúdate», «O Mariñeiro» e outras.

Charlón era ademáis un bon nacionalista que militaba nas fias do galeguismo orgaizado. Sempre patriota e dono d'un enxebriismo culto, craro talento e preciadas dotes literarias que demostrou na obra escénica que deixa.

Nós sentimos por Charlón un verdadeiro cariño non xa pol-a afinidade de pensamentos que nos cinguía senon tamén pol-a súa homía de ben que o facían acreedor de sinceiro cariño por parte de quen os trataban.

A mala nova da súa prematura morte, pois Charlón era aínda 'homé de media idade, abraionounos pol-a sorpresa e pol-a perda que representa para o galeguismo e para os que éramos seus amigos e irmáns.

Choramos sinceiramente a súa morte e ao testimoñar á súa familia o noso pesar cobizamos para o querido irmán o acougo na terra galega á que tanto quería e pol-a que moito traballou.

NOVAS DA CAUSA

O coro «Cántigas da Mariña» de Ribadeo, que fai aínda poucos anos tiña realizado unha boa laboura galeguista na comarca ribadense, está agora reorganizándose novamente cō maior entusiasmo.

Alédanos fondamente a boa nova e cobizamos a súa pronta reorgaización seguros de que fará moito pol-o espallamento das ideas galeguistas.

En Vigo ficou constituído un grupo autonomista que conta xa con un gran número de afiliados. As bases da súa constitución teñen unha gran semellanza c'os estatutos das Irmandades.

D'este xeito Vigo incorpórase de cheo á marcha do galeguismo pol-o que temos que expresar a nosa satisfacción.

A Irmandade da Fala de Betanzos continúa a desenrolarse con fortes pulos, e leva camiño de tornar a tel-o brillo d'outrora como o demostra o feito do acrecentamento de irmás n-estos derradeiros días. Ao noso coñecemento chega a noticia de que no mes que acaba de pasar houbo vintetantas altas.

A Directiva da Irmandade da capital das Mariñas pode estar satisfeita, e nós non-o estamos menos.

N'outro lugar d'este número reséñase a solemnidade con que foi enarbolada a bandeira galega nos distintos pobos da Terra, con ocasión de ser celebrado o Día de Galicia. Así mesmo se dí que, excepcionalmente, Betanzos, non izóu bandeira galega n'ese día pol-a razón de lle dar máis solemnidade coincidindo c'as súas festas de San Roque, contribuíndo así a que o acto fose contemplado por maior número de personas. Efectivamente, no día sinalado para o acto, que acontecéu o 17 do pasado, izóuse ao son do himno galego que foi interpretado pol-a banda municipal e gaiteiros de Soutelo de Montes, e coreado pol-o coro De Ruada d'Ourense. O público inmenso que estaba asentado fronte a Casa Consistorial, siguén coreando o himno fortemente emocionado, e o conxunto daba unha nota patriótica tan fonda e sentida que o que tuvo a sorte de contemplalo simpático acto non'o esquercherà endexamáis.

O alcalde D. Adolfo Sánchez Díaz botóu un axeitado discurso que poderíamos apraudir cumpridamente sinon fora dito en castelán e sinon se lle escapara algunha verba como ha de «patria chica» etc.; pol-o demáis, non podemos queixarnos, pois non houbo, como temíamos, mescolanzas de xeito hespañolista que tan mal cadraría n'aquel marco de galleguismo san, aínda que fose preparado por quen non se preocupa de tales cousas.

D. Eladio Rodríguez Gonzalez, presidente da Academia Gallega, fixo un sentido e xurdio saúdo a bandeira que merece a nosa embora.

E para rematar, o noso querido irmán Lúgris

Freire, con aquela fogosidade e baruda verba que lle caracteriza, electrízou verdadeiramente ás multitudes describindolles o que representan os cōres branco e azul da nosa sagra enseña. Con este pretexto expuxo as glorias de Galicia e o culto que debemos dar á súa fala, aconsellando que sigamos decote o exemplo d'aqueles bos galegos, fillos de Betanzos, que tanto laboraron pol-a liberdade e pol-a persoalidade da Terra. O baril berro de ¡Viva Galicia! con que rematóu o seu fermoso discurso foi contestado por miles de beizos que tremaban da emoción patriótica mais forte que vimos na nosa vida.

En fin unha festa orgaizada e preparada por elementos oficiaes do goberno hespañol, que resultou pol-a inxerencia dos elementos nazionalistas galegos, un acto digno de recordanza e de se reimitado.

RESPOSTA A UNHA ALUSIÓN

Augusto María Casas, o exquisito poeta, brillante periódista e competente censor de prensa de Ourense, comenzou a publicar en «La Zarpa» un folletón tidoado «La novísima poesía gallega» onde reproduce un intento xa encetado fai dous anos d'estudar a nova poesía galega e do que copio os seguintes párrafos, que son os que motivan estas miñas verbas:

«Mi intento fué acogido con duros comentarios »por los *conservadores del fuego sagrado*. Agi »está toda una página de improprios que en «A »Nosa Terra» idearium de las Hermandades galeguistas, tuvo a bien dedicarme la sensibilidad »de un tal Victor Casas.»

Tiña eu xá esquecido este asunto e ao ver que despóis de dous anos o *gran poeta* señor Casas reproduce a custión e alúdeme de xeito tan dereito non me queda outro remedio, ben contra o meu desexo, que ocuparme novamente da cousa.

Efectivamente: cando o outro Casas inicióu o estudo que agora quer rematar tivenlle que sair ó camiño, indinado pol-a serie de atrocidades que decía, pra defender un punto de vista na custión que aínda hoxe teño que manter porque a elo obrigame a miña imparcialidade no preito xá que eu non son poeta, vello nin novo, e nunca escribin un miserabre verso e a realidade confirma a veracidade dos argumentos que entón empreguei. Argumentos, que él califica de improprios, pero que debían ser entón tan contundentes que motivaron que o Casas sin *tal* suspendera o estudo que agora novamente reproduce.

Manteño hoxe o que dixen e convén aclarar que falo pol-a miña conta, que non ten nada que ver cō sentir d'A NOSA TERRA, non sexa que Casas pretenda enfrontala con alguén, e engado ademáis o seguinte: Que desaparecidos Amado Carballo e Manuel Antonio é ben triste a impresión dada pol-os *únicos* poetas galegos, consagrados por Casas, n'estes dous anos derradeiros

xá que nin un só libro publicaron, feito que confirma o meu criterio de antes e d'agora, e que o actual renacemento galego non se manifesta precisamente na poesía, senón, afortunadamente, na prosa e na política de mais fonda transcendencia patriótica para Galicia, cousa que, seguramente, a sensibilidade do Casas ourensán non abrangue a enxerguer.

E repito que como eu non son poeta a miña intervención n'este preito non é interesada xa que particularmente non defendo mais que un criterio que os feitos confirman de xeito contundente. Pol-o demáis pode Augusto María Casas decir o que queira, que eu, como non me obrigue por novas alusións persoanaes, non penso xa refutar. Alá cada ún e morra o conto.

En canto á *sensibilidade de un tal Victor Casas* non sei realmente que lle decir. Si o meu Casas pertencera ao Casas seu seguramente diríalle olímpicamente que a miña sensibilidade é a mais exquisita de Galicia o mesmo que él asegura que él é un dos millores e únicos poetas de Galien todol-os tempos, pero como son dous Casas distintos direille somentes que dende logo a miña sensibilidade impediríame rotundamente exercer nunca, e menos hoxe, o cargo de censor de prensa que tan concenzadamente exerce o Casas ourensán. E nada máis.

VICTOR CASAS

O que temos que pedir no Día de Galicia e no Día da Universidade

Coido que tódol-os anos no Día de Galicia teríamos nós, como fan os socialistas, que elevar ó Goberno central as conclusións do programa mínimo que se pode tirar do noso idearium. E as de este ano quizabes debirian ser éstas:

1.º Como base para o recoñecimento da personalidade galega creación d'unha mancomunidade rexional.

2.º Establecemento d'unha cátedra de Lingua Literatura e Historia galegas, outra de problemas económicos e outra de temas portugueses base d'un intercambio co'a República veciña, na Universidade de Santiago.

3.º Establecemento de cátedras de Lingua, Literatura Historia e Xeografía galegas nas escolas Normaes da nosa terra.

4.º Axeitamento das escolas da aldea ás realidades da vida rural, onde labrega, onde mariñeira.

5.º Restablecemento d'as Escolas de Peritaxe agrícola, de veterinaria e Náutica.

6.º Que os mestres ou escolantes de Galicia sexan galegos e de o non seren que pol-o menos cursarán os seus estudos nas nosas Normaes.

7.º Que poidan cursarse os estudos do douto-

rado na Universidade de Santiago, sendo obrigatoria a tesis sobre problemas galegos.

8.º Que xueces, maxistrados e notarios sexan galegos, ou de o non seren que teñan cursádol-os seus estudos de Dereito na Universidade compostelana.

Esto no respective ó orde cultural. No senso económico:

A. Disminución d'impostos no campo e implantación de leis que leven a pór a terra nas máns dos que a traballan, cos corolarios que derivan d'esto.

B Organización axeitada do creto rural, para desbotar a usura caciquil.

C Solución definitiva do preito do millo e dos forraxes para o gando e protección resolta da gandería e da pesca e das industrias derivadas das mesmas.

D. Fomento intensivo da repoboación forestal.

E. Continuación dos traballos dos ferrocarris Coruña-Santiago-Ourense-Zamora e Ferrol-Gijón con verdadeira actividade e construción do camiño de ferro de Lugo a Vilafranca, sin esquencer a labouira pol-a maor rapidez nos viaxes de Galicia a Cataluña, nin o Central galego.

E no senso político.

1.º Restablecemento da plena normalidade constitucional.

2.º Establecemento do sistema da representación proporcional para as eleccións, trocando nas de deputados a Cortes os actuais distritos en grandes circunscricións, c'o complemento en todos do voto segredo e obrigatorio e as mais cousas percisas para evitaren o coacionismo caciquil.

Penso en que ningún bó galego atopará escensivo nin utópico este programa mínimo de conclusións que somentes depende da nosa vontade que se poida realizar axiña. A ós galeguistas, meus irmáns, e ós antigos alumnos da Universidade de Santiago, bríndollo na data de hoxe, c'o corazón na man.

A. VILLAR PONTE

Este número foi visado pol-a Censura

Portucalé

Revista ilustrada de cultura literaria, científica e artística.

DIREITORES:

Augusto Martins, Claudio Basto, Pedro Vitorino
Rúa dos Mártires da Liberdade, 178 Porto

IMP. VILLUENDAS.—BETANZOS

BANCO PASTOR

Antes Sobrinos de José Pastor

Casa fundada en 1776

Capital suscrito	Ptas.	17.000.000
Id. desembolsado	"	11.000.000
Fondo de Reserva	"	4.000.000

Casa Central: NA CRUÑA

SUCURSALES

Vigo, Lugo, Viveiro, Ferrol, Sarria, Monforte, A Estrada, Tuy, Melide, Muxia, Carballo, Mondoñedo, Pontedeume, Villalba, Ribadeo, Ortigueira, Carballiño, Padrón, Póvoa do Caramiñal, Rivadavia, Noia, Barco de Valdeorras, Verín, Rúa Petín, Vimianzo, Ponteareas e Chantada.

CONTAS CORRENTES CON LIBRETAS

Abonando os seguintes intreses:

A vista	2	1/2	%	anual
A tres meses	3		%	"
A seis meses	3	1/2	%	"
A un ano	4		%	"

CAIXA D'AFORROS

Abonando intreses ó 3 1/2 % anual

CONTAS CORRENTES EN MOEDA EXTRANXEIRA

Intreses a convir

Venta de xiros sobre todo o mundo, especialmente América

ZINCKE HERMANOS

LIBRERIA PAPELERÍA
IMPRESA

Cantón Grande, 21 - Estrella, 37

A CRUÑA

PAULINO FREIRE

BOUZAS — VIGO

Sucursales: na Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa Aparellos armados e en panos, para barcos pesqueiros. Malletas de abaca e cáñamo alquitranado-Cables de aceiros, ingleses Aceites xenerás e vexetaes, e surtido completo para maquinaria e pesca.

SANTA LUCÍA, 26 E 28

A CRUÑA

FILLOS DE H. HERVADA

(CASA FUNDADA EN 1865)

A CRUÑA

Ferretería, Quincalla, Muebles, Máquinas, Pedras Francesas para muiños etc. etc.

AGUAS DE
MONDARIZ
 FUENTES DE GÁNDARA Y TRONCOSO
 Propiedad de los Sres. Hijos de Deinador



Véndese en todas las
 Boticas, Droguerías,
 Hotels,
 Depósitos d'augas
 minerás,
 Restaurants e
 vagós camas de
 tódol-os três.

As mais indicadas en casos de artritismo,
 desnutrizón, diabetes, obesidades diversas,
 doenzas do aparello dixestivo, anemia e
 neurastenia.

Riquísima auga de mesa gaseada naturalmente.

Mondariz-Balneario

a 35 kilómetros de Vigo.